



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

*capic*

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 496/2015, DO 8 DE SETEMBRO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 446/2015 do 14 de agosto, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal na modalidade de "obra ou servizo", de 1 oficial de segunda e 2 peóns para integrar a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais"

Presentada a oferta para un oficial de segunda albanel o día 18 de agosto de 2015 á Oficina de Emprego e remitidos os curriculums vitae dos desempregados vía e-mail con número de oferta 12-2015-9130 (RE:2081/2015 do 18 de agosto) ao departamento de emprego e desenvolvemento local do Concello, unha vez comunicados telefónicamente aos desempregados/as a recepción do seu curriculum vitae convócanse para unha reunión informativa o día 19/08/2015 onde os mesmos declaran recibir a información da praza ofertada e ao mesmo tempo comunican o seu interese a participar no proceso selectivo. Unha vez avaliada polo departamento de emprego a mostra de interese pola praza considérase solicitar á Oficina de emprego máis candidatos,( RS 1392/2015 do 20 de agosto), os cales son remitidos o día 21 de agosto de 2015( RE nº 2120/2015) e convocados a unha reunión informativa o día 24 de agosto de 2015. Dando a todos eles 3 días hábiles ( excluído o sábado) para a presentación de instancia e documentación, tal e como establecían as bases.

Presentada a oferta para dous peóns o día 18 de agosto de 2015 á Oficina de Emprego e remitidos os curriculums vitae dos desempregados vía e-mail con número de oferta 12-2015-9132( RE: 2082/2015 do 18 de agosto) ao departamento de emprego e desenvolvemento local do Concello, unha vez comunicados telefónicamente aos desempregados/as a recepción do seu curriculum vitae convócanse para unha reunión informativa o día 20/08/2015 onde os mesmos declaran recibir a información da praza ofertada e ao mesmo tempo comunican o seu interese a participar no proceso selectivo. Unha vez avaliada polo departamento de emprego a mostra de interese polas praza considérase solicitar á Oficina de emprego máis candidatos,( RS 1434/2015 do 24 de agosto), os cales son remitidos o día 25 de agosto de 2015( RE nº 2133/2015) e convocados a unha reunión informativa o día 26 de agosto de 2015. Dando a todos eles 3 días hábiles (excluído o sábado) para a presentación de instancia e documentación, tal e como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº472/2015 do 28 de agosto, onde se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección de 1 oficial de segunda e de 2 peóns para integra a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos", tal e como establecía a base quinta punto primeiro das bases de selección.

Reunido o tribunal calificador do procedemento selectivo o día 2 de setembro de 2015, e tal e como aparece reflitado na acta que asinan os membros do tribunal e á vista da puntuación obtida, o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros que teñen dereito a voto, decidiu propoñer ao Sr. Alcalde que proceda a adxudicar a praza de oficial de segunda a D. Manuel Mato Moreira e as prazas de 2 peóns a D. Manuel Angel Vázquez Mato e a D.Ovidio Rial Cereijo por ser os aspirantes que acadaron a maior puntuación.

Visto que de conformidade coa cláusula 10 das bases regularoras de selección, todos os aspirantes propostos presentaron a documentación esixida en forma e prazo, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de bases de réxime local, pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO:** Nomear como oficial de segunda a D. Manuel Mato Moreira con DNI 32.425.977-W e como peóns a D. Manuel Angel Vázquez Mato con DNI nº 32.759.249-G e a D. Ovidio Rial Cereijo con DNI nº 76.353.459-Z, como persoal laboral temporal, cunha duración de 3 meses dende a sinatura do contrato, para o programa denominado "Cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais", baixo as condición establecidas nas bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 446/2015 do 14 de agosto.


**SEGUNDO:** Os restantes aspirantes, tal e como reficten as bases no punto noveno, quedarán como reservas ata o remate do contrato, sempre respetando a orde de lista, para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal ou calquera outra circunstancia, para os

postos de traballo referidos nesta contratación, sempre que cumpran todos os requisitos das bases de selección.

**TERCEIRO:** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.concello-cabana.com](http://www.concello-cabana.com)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 446/2015 do 14 de agosto.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o oito de setembro de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,  
Asdo.: José Muíño Domínguez.  
ALCALDÍA  
(A CORUÑA)



A Secretaria en acumulación de funcións

Asdo.: Rosa Ana García Fernández  
SECRETARÍA  
(A CORUÑA)

